



**DITAME SOBRE OS PROXECTOS DE DECRETO POLOS QUE SE ESTABLECEN OS CURRÍCULOS
DOS CICLOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL CORRESPONDENTE AOS TÍTULOS DE: TÉCNICO
EN REDES E ESTACIÓNS DE TRATAMENTO DE AUGAS, TÉCNICO SUPERIOR EN
ACONDICIONAMENTO FÍSICO E TÉCNICO SUPERIOR EN ENSINANZAS E ANIMACIÓN
SOCIODEPORTIVA**

O pleno do Consello Escolar de Galicia, na súa reunión do día 20 de xuño de 2019, emite o seguinte ditame en relación cos proxectos de decreto polos que se establecen os currículos dos seguintes títulos: Técnico en Redes e Estacións de Tratamento de Augas, Técnico superior en Acondicionamento Físico e Técnico superior en Ensinanzas e Animación Sociodeportiva:

1. O Consello Escolar de Galicia recoméndalle á Administración educativa que implante un plan de formación específica para o profesorado que vai impartir os módulos nestes títulos de Formación Profesional.
2. Para o proxecto de currículo do título de Técnico superior en Ensinanzas e Animación Sociodeportiva, propónse a inclusión, tanto no currículo como nos apartados que corresponda, do coñecemento do patrimonio lúdico galego e os xogos populares tradicionais.
3. Para o proxecto de currículo do título de Técnico superior en Ensinanzas e Animación Sociodeportiva, propónse a inclusión dun novo punto, entre as liñas 18 e 19 do Anexo I, páxina 50, co seguinte texto: *“Xénero e xogo. Estereotipos e nesgos de xénero nos xogos infantís e xuvenís”*.
4. Para o proxecto de currículo do título de Técnico superior en Ensinanzas e Animación Sociodeportiva, no Anexo I, punto 1.5.2. BC5, (páxina 52, liña 27), propónse substituír “Xogos autóctonos” por “Patrimonio lúdico e xogos populares galegos”.
5. Para o proxecto de currículo do título de Técnico en Redes e Estacións de tratamento de augas, no Anexo I (páxina 56, liña 7, no apartado BC6. Xestión de residuos), propónse revisar a redacción do punto *“Conciencia e respecto polos produtos derivados do ambiente”* para que adquira un sentido máis claro e preciso.

V. e pr.
O Vicepresidente

Fernando del Pozo Andrés



O Secretario


Álvaro Ariño Roure